SUMARIO

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística 2009/2010

Alumos.

Vanesa Alonso Rey
(1º Bacharelato B)
Yaiza Vicente Buceta
(1º Bacharelato B)
Fátima Núñez Pérez
(1º Bacharelato C)
Eva Lojo Piñeiro
(1º Bacharelato C)

Profesores.

Francisco Blanco Alcaide
María Enriqueta Picón Romero
Xosé Manuel Rivas Pérez
Rosario Tubío Fajardo
Ana Isabel Urbieta Balado
Pascual Vidal González

Persoal non docente.

Antón Riveiro Coello

Coordinador.

Manuel Xesús Villar Suárez

O LÁPIS DOS SOÑOS

Era especial.
Espertou co son do seu teléfono….
Perder a quen máis queres.
Un tenebroso día de verán.
Cinco letras.

FARDEL DAS PALABRAS

Ela
Estarei esquecéndote?
Dende que che coñecín
Inmaculado
Poeta perdido no deserto
Un xardín de nicotina

LETRAS GALEGAS 2010

Uxío Novoneyra.” O poeta do Courel”

CONCURSO “LETRAS GALEGAS 2010”

POESÍA
1º PREMIO BACHARELATO
O sacho de asfalto
Se me firo
Os israelitas

1º PREMIO ESO
A un amigo
Un amor imposible

NARRATIVA
Vinte luces e un tifón

O PRACER DE LER

Millenium 2. A moza que soñaba cun misto e un bidón de gasolina
Unha primavera para Aldara
Quen matou a Inmaculada da Silva?
A paixón de Alexandra

O COMIC-O

Era Espacial

Nuria Tubío Santamaría (2º Bach. A)

Era especial. Non, non é un eufemismo para referirme a que tiña una deficiencia mental, senón que era especial de verdade. Tiña a capacidade de predicir o tempo. E tampouco, non é que dende pequeño quixera ser home do tempo; non, non é iso, senón que o seu corpo era como unha especie de satélite meteosat que recibía información sobre as correntes de aire e sobre as posibles borrascas e anticiclóns. Non obstante, as súas predicións eran moito máis precisas e nunca fallaban.

Todo o mundo o chamaba para que lle dixera que tempo ía facer: que se podía celebrar o aniversario da súa rapaza ao aire libre, que se ía nevar proximamente para poder ir esquiar, que se ía chover algún día destes…

Intentaba levar unha vida o máis normal posible, pero moitas veces víase desbordado e unha morea de predicións enchían a súa cabeza. Neses momentos desmaiábase. Tiña o corpo cheo de cicatrices debido a esas frecuentes caídas, pero por sorte ninguna tivera consecuencias a longo prazo.
Máis aló dos seus "poderes", el, coma todo o mundo, sabía que algo se estaba xestando, unha tormenta imparable que o ía arrasar todo.

"Os líderes mundiais continúan reunidos. Parece que as discordancias non se dan resolto…"
-Isto non acabará ben…
-Gran dedución "Sherlock Homes". Deducíchelo ti soíño ou fíxoche falta recorrer as túas predicións?
-Mira, non me amoles Claudio.
-Perdoa, que susceptible estás hoxe.
-Estráñache?
-Por certo Lucas, que tempo vai estar mañá? E que quería ir xogar un partido de baloncesto e espero que non chova…
-Tranquilo, un núcleo de altas presión estase aproximando, así que mañá chegará o anticiclón, que durará ata o domingo.
-Xenial!

Claudio marcha correndo, seguramente ía chamar ao resto do grupo para dicirlles que mañá podían ir xogar o partido. Lucas pasaba de ir, dábaselle fatal o baloncesto, seguramente quedaría na casa a ver unha película… Aínda que xa ía estar bo tempo podía aproveitar para ir dar unha volta en bici… Xa vería o que facía.

Levantouse da cadeira e apagou a tele, que seguía latricando sobre o cumio mundial. Subiu ao piso de arriba. Alí estaba Claudio falando por teléfono.

O LAPIS DOS SOÑOS

Encerrouse na súa habitación e púxose a estudar. Este era o seu último ano na universidade e xa estaba desexando acabar dunha vez e ponerse a traballar no que lle gustaba… Tiña 22 anos acabados de cumprir, louro, alto, ollos azuis… Todas as tipas babeaban por el, mais a única na que estaba interesado dende facía anos tiña mozo e víao como o seu amigo… Si, xa, a típica historia de sempre, amigos dende pequenos e logo el prendadiño da súa amiga da infancia… O amor que é así de predicible!

-Pero xa estás estudando outra vez?
-Claudio, impórtache petar á porta antes de entrar?
-Que máis dá, non creo que teñas nada que eu non vira nunca.
-E ti que sabes?
-Eu nada… Oes, queres vir tomar algo con nós?
-Quen sodes vós?
-Os de sempre, os de toda a vida. Tamén vai estar a túa amiga…
-Paso de ir. E deixa de poñerme esa cara de cellas-cellas
-Aburrido- e pechou a porta e foise.
Lucas quedou durmido. Ceos despexados, nubosidade practicamente nula, temperaturas sobre os 20ºC, as sete da tarde baixarán ata os 15ºC…
“Continúa o cumio mundial, parece ser que dous países europeos se declararon a guerra. Podería ser este o comezo da 3ª Guerra Mundial? ”
-Que tal o partido de hoxe, Claudio?
-Pois moi ben. Gañamos 64-50. E ti que fixeches?
-Nada. Collín a bicicleta e fun pola cidade ata chegar á praia.
-Hoxe tamén vas quedar estudando ou vas vir con nós?
-Quizáis vaia… Apetéceme.
-Menos mal. Porque senón tiña pensado secuestrarte!

De repente soa o teléfono “Lucas, que tempo vai facer mañá?. Claudio colle o móvil e grita “ Un anticiclón está enriba nosa, irá bo tempo ata o domingo. Contento? ” e colga.

Claudio apaga a tele e vanse os dous ás súas respectivas habitacións para cambiarse. Lucas pensou que ía ser unha noite horrible. Ía estar alí a súa amiga co seu querido mozo, mais ao final pásao bastante ben.

“Foron atacadas varias cidades españolas…”
-Deus santo, estamos perdidos!

Unha expresión bastante común nestes casos. A guerra comezara. Por fin estalara a tormenta

Ilustración: Yasmina Outeiral Suárez 1ºD

que se viña predicindo dende había tempo.
Pasaron as semanas e a cousa foi a peor. O barrio onde vivían Claudio e Lucas fora atacado. Os dous alístáronse no exército, é o único que podían facer. Non teñen casa, non poden seguir estudando, non poden traballar. O único que poden facer é loitar para recuperar as súas antigas vidas.
Tanto Lucas como Claudio loitan con braveza e pronto destacan entre as filas de soldados rasos. As predicións de Lucas serven de moito. O feito de estar en territorio coñecido, sumado a estas preiccións permiten ataques inesperados e trampas moi logradas que deixan aos inimigos desconcertados e vulnerables.
-Lucas, o tempo de mañá.

-Achégase unha gran borrasca, haberá fortes ventos con refachos de 100 km/hora. As temperaturas descenderán ata os 10ºC e as precipitacións serán abundantes comezando as once da mañá.
-Cres que poderemos aproveitar isto para botar definitivamente ao inimigo?

Nese momento Lucas sofre un dos seus “colapsos informativos”. Sente o tempo de todo a mundo: calor, frío, vento… Comeza a notar a chuvia na súa pel, chove, chove, chove moitísimo… Está empapado de arriba a abaixo. O vento sopra moi forte. Nota como o pelo se lle mete diante dos ollos…

-Lucas, Lucas, esperta! Estás ben? Outra vez te desmaiaches.
-Si, estou ben. Por onde iamos.
-Tes que descansar.
-Non, mañá poderiamos acabar definitivamente con isto. Non podo ponerme a descansar.

Lucas e Claudio, preparan o ataque concienzudamente. O plan é levar ao inimigo a un pequeno barranco ás aforas da cidade que se inunda con facilidade. Así eles poderían atacar dende arriba, dende as sólidas rochas, mentres o inimigo tería que intentar non afundir no terreo e esquivar o ataque dende arriba. Un plan infalible. O máis complicado é facer que o inimigo vaia ata o barranco. Quizais non o máis complicado, pero si o máis perigoso.

Ao día seguinte comeza a batalla nunha explanada moi preto do barranco. Lucas e Claudio van á cabeza do ataque, van pouco a pouco facendo que retrocedan os inimigos ata o lugar adecuado onde outro grupo atacaría. Xa parecía que todo iría ben, que Claudio e Lucas recuperarían a súa vida, cando unha bala alcanza a Lucas. Claudio párase e colle ao seu amigo. Lucas entón fai a súa última predición: “Ceos despexados con nubosidade media. Fresca brisa, suave vento, moi agradable e cálido…” e morreu.

Espertou co son do seu teléfono...

Yaiza Vicente Buceta (1º Bach. B)

Espertou co son do seu teléfono. Era unha mensaxe del, unha mensaxe onde deixaba moi claro que non quería saber máis nada dela.
Non o podía crer, como podía rematar todo desa maneira? Que fora o que fixera mal?

Por máis que buscaba non atopaba ningún motivo para que esa relación tan fermosa con Xaime rematase así. Chamouno pero non respondía. Estaba desesperada. Que ía ser da súa vida a partir daquel intre?
Uxía era desas rapazas que cando teñen un problema, e mais como aquel, non deixan de darlle voltas na cachola milleiros de preguntas sen resposta.
Ela seguía insistindo pero ninguén respondía.

-Non hei parar ata conseguir unha boa explicación.
Rosmaba todo o tempo.
Cando xa ía coa décima chamada saíulle o contestador:
-Son Xaime, sintoo pero neste intre non te podo atender, deixa a túa mensaxe despois do sinal.

Ela xa estaba farta. Pero que raios lle acontecía.
Xaime, son eu Uxía. Necesito que me deas unha explicación. Que foi o que aconteceu? Non será que como eu non quixen follar te tiraches a outra, non? Chámame cando escoites a mensaxe, por favor.
Non entendía nada! Pero se o día anterior a última verba que saíra dos seus beizos fora: ÁMOTE.

Non era quen de durmir esa noite e optou por abrir o caixón da mesiña de noite e coller unha desas pastillas que lle receitara o médico para poder conciliar o sono en época de exames, e quedou profundamente durmida.
Cando espertou xa era de día, un novo día, un día que prometía ser mellor que o anterior. Ergueuse da cama, vestiuse, almorzou e foi para o instituto, coma tódolos días, esperando atoparse con Xaime para que lle dera unha boa explicación.

Cando ía cara á súa clase cruzouse con el no corredor.
Ela mirouno e el devolveulle a mirada, esa mirada tan profunda que a volvía tola.
Pero algo acontecía!
Xaime non era o mesmo de sempre, algo nel cambiara.
Entraron na clase. Na súa vida fora tan aburrida a clase de galego, e menos falando da vida de Rosalía.

Durante toda a mañá buscouno por tódolos lugares posibles pero non o

atopaba, ata que decidiu ir ao seu lugar, ese lugar tan fermoso a onde ía cando necesitaba estar a soas cos seu pensamentos ou escribir. O seu lugar segredo.
Non o podía crer! Que facía el alí? Como atoparía ese lugar? El, sorprendido, mirouna e dixo:

-Sabía que estarías neste lugar. Sei que te mereces unha boa explicación e a pesar de que non cho quería dicir para non facerche dano, son demasiado egoísta e quero e necesito pasar o que me queda de vida ao teu carón.
Comezaron a esvarar polas súas meixelas gotas de auga que representaban a súa alegría e pena á vez.
-Como que o que che queda de vida?- dixo ela tremendo
-Si Uxía, si, o que me queda de vida. Onte fun ao hospital e detectáronme un cancro. Só me quedan uns meses de vida.

Nese intre parecía que o mundo se parase, que as verbas que saíran dos seus beizos non eran verdadeiras. El comezou a chorar e ela acompañouno.
Ao cabo dun tempo ela puxo as mans na cara del e formulou unhas palabras que xamais poderá esquecer:

-Pase o que pase sempre te amarei.
Unha semana despois, Uxía preparara unha cea romántica. Tiñan a casa para eles sós. Cando remataron, ela comezou a espirse e el, abraiado, preguntou:
-Estas segura do que vas a facer?
E ela convencida por completo, respondeu:
-Non estiven máis segura de algo en toda a miña vida, ámote.

Esa noite, para ámbolos dous, foi considerara a máis fermosa da súa vida.
Á mañá seguinte, ela foi a primeira en espertar. Ergueuse da cama e meteuse na ducha. Cando ía para espertalo xa era demasiado tarde, o seu primeiro amor estaba profundamente durmido.

Ilustración: Dayane Joserle da Silva Cordeiro

Perder a quen máis queres

Fátima Núñez Pérez (1º Bach. C)

Camiñaba pola gabia, coa cabeza baixa e as lágrimas derramándose sen parar polas súas fazulas. A chuvia batíalle na cara e semellaban agullas cravándose no seu rostro. Estaba soa, desprotexida, indefensa. Todo lle afectaba. Non sabía a onde ir, que facer. Botou a man á cabeza. Sangraba moito. Mirou para o teléfono móbil outra vez e guindouno con tódalas súas forzas ao medio da estrada. Non era capaz de parar de chorar. Parou de andar. "Por que pasou isto agora? Por que? Cando todo era tan perfecto… Por que pasou isto? Non logro entendelo…" dicíase unha e outra vez a ela mesma. Intentaba encontrar a resposta a unha pregunta que non era fácil contestar. Gritaba deixándose a voz en cada lamento. Pero era tarde, xa non había volta atrás. Soaban as sirenas da ambulancia, pero ela non era capaz de volver alí. Recordaba tódolos momentos e detalles que deixara aquel precioso día, os cales estaban tirados agora no foxo, intentando sobrevivir. Eran a parella perfecta, queríanse máis ca ninguén. Viñan de pasar unha tarde romántica fóra do seu pobo, como ela desexaba. Prometéralle levala á praia máis bonita de Galicia para poder ver o anoitecer xuntas. Era un dos seus soños ver o anoitecer deitada na area da praia máis bonita, abrazada á persoa que máis quería. Co anoitecer chegaba o frío das típicas noites galegas, frías pero fermosas. Puxéralle a súa chaqueta por enriba, prefería pasar frío antes que a súa moza puidera coller un catarro. Era un encanto de persoa, tiña moita sorte de tela ao seu lado. Tamén lle comprara flores, as súas flores preferidas. Ela intentaba aguantar as lágrimas que insistían en saír, emocionábase con cada detalle que tiña con ela. Para ela era perfecta, e cada día tíñao máis claro. Só era fixarse en como se miraban, esa mirada que só che sae cando estás en fronte da persoa que máis queres, e que aínda que o queiras evitar a túa mirada fala por ti: estás namorada. Pero, de que servía todo isto agora? A muller da súa vida estábase debatendo entre a vida e a morte alí tirada, loitaba por respirar. Despois de recordar todo isto botou a correr cara a ela, non podía deixala soa. Tirouse ao chan coa esperanza de poder axudala, tiña que deixarse a vida por ela. Colleulle a man, tremía, e ela non era capaz de deixar de chorar vendo como non podía facer nada mentres o amor da súa vida loitaba por poder respirar. Gritáballe que por favor respirara, que aguantara por ela, polas dúas. Tirada no chan intentaba que non se lle cerraran os ollos, pero non era capaz. O único que puido facer foi dicir, moi baixiño, co último alento que lle quedaba, que nunca a esquecería. Aquel 14 de setembro fora un dos días máis marabillosos que nunca se puidera imaxinar, pero por desgraza, terminou sendo o máis amargo da súa vida. Perdéraa, para sempre.

Un tenebroso día de verán

Jennifer Miranda Piñeiro (1º Bach. C)

Cando Clara se levantou aquela mañá non se puido imaxinar que aquel día que se amosaba pola fiestra da súa habitación e que mostraba un ceo despexado e un espléndido día de verán remataría como un verdadeiro inferno para ela e para a súa compañeira, Sandra.

Pola mañá dese sábado día vinte e sete de xullo Clara fixo todo o que se pode facer nunha mañá de verán. Levantouse da cama, fíxoa e despois diso foi almorzar cos seus pais,cos seus avós e co seu irmán pequeno, Xián. Cando rematou decidiu saír a dar unha volta co seu irmán pola praia que estaba preto da súa casa, eran as doce da mañá e súa nai decidiu non acompañalos xa que necesitaba tempo para facer o xantar, mentres que seu pai tivo que ir ata a oficina para rematar unha serie de traballos que lle quedaran pendentes do venres e que debía rematar antes do luns.

Baixaron as escaleiras e chegaron á rúa pola que pasaban numerosas persoas nas que se reflectía a alegría que transmiten as mañás de verán que te empurran a saír a rúa e gozar ó máximo de cada día.
Cando ían pola praia Clara atopouse coa súa compañeira de toda a vida, Sandra.

-Bos días Sandra, a que andas por aquí logo?
-Pois nada, aburríame na casa e saín un pouco co can para haber se se relaxa un pouco que con esta calor está insoportable.
-jaja! pois eu tamén saquei a meu irmán pola mesma razón!!
-Como es Clara, jeje!!
-Mira xa que nos atopamos, quedamos para a tarde...ás catro vémonos aquí mesmo e a noite se che apetece podes vir durmir a miña casa.
-Ok, a tarde xa che digo se vou durmir, vale?
-Xenial, ata a tarde!
-Adeus!!

Durante a tarde todo sucedeu con normalidade, os pais de Clara, o seu irmán e os seu avós decidiron marchar toda a tarde para o pobo do Ézaro, pero Clara decidiu quedar xa que acordara ir con Sandra á praia e para posiblemente durmir na casa.

Na praia pasouno xenial e Sandra comunicoulle que iría durmir a súa casa porque os seus pais estaban de viaxe, e deixábana ir.
As oito da tarde as dúas rapazas decidiron marchar da praia xa que lles facía falta o tempo para ir ata a casa de Sandra a coller o seu pixama e todo o que lle facía falta e para chegar á casa de Clara antes de que se fixera noite.

O LAPIS DOS SOÑOS

As dúas dirixíronse ata a casa de Sandra, chegaron e colleron todo o necesario, logo Sandra díxolle a Clara que lle ía amosar un CD que comprara o outro dia e que estaba moi ben; as dúas puxéronse a escoitar música e posteriormente comeron algo, xa que ir á praia e estar tanto tempo na auga como o están elas dá moita fame. Entre unhas cousas e outras as mozas non se decataron de que o tempo fuxira rapidamente e que xa eran as dez menos vinte da noite e tiñan que marchar rapidamente para a casa de Clara, senón colleríaas a noite e iso resultaba moi complicado para elas, posto que as dúas lle tiñan un tremendo medo ao camiño polo que tiñan que pasar porque era moi solitario e notablemente escuro, pero elas tiñan a esperanza de chegar a tempo.

Emprenderan a marcha pero Sandra esquecerase de coller o teléfono móbil e facíalle falta para falar cos seus pais. Deron volta e Sandra colleu o móbil mentres Clara cun lixeiro ton de angustia polo tarde que era lle dicía que apurase. Sandra colleu o móbil e volveron a emprender a marcha. Atopábanse polo medio do camiño e xa estaba escurecendo, Sandra estaba asustada xa que seus pais lle levaban dicindo toda a vida que non debía andar soa por eses camiños.

Xa era noite, aproximadamente as once e cuarto da noite, cando chegaron á casa de Clara e para desgraza delas, as luces da rúa non funcionaban pero as da casa de Clara si, e os foquiños do xardín desprendían unha lixeira claridade que mostraba unha silueta descoñecida para Clara.

As rapazas asustáronse demasiado e cando viron a ese home que intentaba abrir a porta da casa comezaron a correr espavorecidas.

Sandra mentres empezaba a camiñar marcha atrás pisou unha rama que fixo ruído, un ruído que aquel home escoitou e fixo que se dera a volta, mirou para as mozas e pegou un berro.

Nin Sandra nin Clara lograron escoitar o que dixera ese home xa que comezaban a correr polo monte que escondía a casa de Clara e que lles impedía facer o esforzo de berrar pedindo axuda, posto que os veciños nunca as escoitarían.

Comezaron a correr como verdadeiras atletas cando Clara torceu un pé e caeu ó chan chorando coa dor que estaba sentindo; Sandra non sabía que facer porque aquel home se aproximaba rapidamente cara a elas.

Cando chegou onda as rapazas elas estaban chorando e gritando que non lles fixera dano, que lle darían cartos se era o que estaba buscando mentres pretendía abrir a porta.

Despois de escoitar iso o home desprendeu unha enorme gargallada que resoou por todo o monte e despois díxolles ás rapazas:
-Como dicides? Que se estaba abrindo a porta? Ja, ja!! Tranquilas que o único que eu pretendía era comunicarlle a Sandra que os seus pais van chegar tarde da súa viaxe, xa que tiveron un pequeno accidente e iso vaimnos demorar.
-E porque tiñamos que crerche?-replicou Sandra.
-Non tendes porque facelo pero eu son primo de Xacobe, o fillo da vosa veciña máis próxima, e como a miña tía me mandou vir avisarvos, porque ela non podía e o meu primo non está na casa, vin facelo!!
-Que estraño, e entón porque intentabas abrir a porta e porque os meus pais non me chamaron a min para avisarme?
-Eu non intentaba abrir nada, unicamente timbrei, ninguén me abriu e botei a man á porta por se estabades dentro e non escoitarades a porta, máis nada, e en canto a outra pregunta dígoche bonita, que ou o teu móbil non ten batería ou o perdiches.

En definitiva Clara deixara o móbil na casa de Sandra e ese home que elas alcanzaran a ver era un rapaz de dezaoito anos que pretendía axudalas.
Colleu a Sandra en brazos e acompañounas ata a casa, cando chegaron estaban os seus pais entrando polo garaxe.

Explicáronlle o que pasara, levaron a Sandra ao médico, quen lle comunicou que rompera o pé e tiveron que poñerlle unha boa escaiola.

Finalmente o que parecía un día verdadeiramente estupendo acabou como ningunha delas o podía imaxinar, o bo é que a pesar de todo recordan o sucedido como unha anécdota que aparece reflectida na páxina de hoxe do día 28 de xullo , no diario de Clara.

Cinco letras

Antía Pimentel (1º Bach B)

De súpeto espertou. Nin sequera eran as tres da mañá; de novo as súas inquedanzas gañáranlle a batalla ao sono. Resignouse. No fondo sabía que aínda que tentase volver durmir non o ía lograr. Incorporouse e moi amodiño saíu do cuarto sen facer ruído. Sorprendeuse a si mesma cando se mirou ao espello. As noites sen pegar ollo fixeran estragos nela, ninguén que a vira agora recoñecería a aloucada rapaza loura de ollos verdes que fora na mocidade. Dirixiuse á cociña e decidiu que o recendo das torradas ben feitas e dun bo café igual lle despexarían a cabeza. Equivocouse. A cabeza seguíalle dando voltas. Non podía deixar de pensar nel; naquelas tardes nas que ela viña do traballo cargada de preocupacións e pensamentos amargos e el, cun sinxelo "Non penses. Ás mulleres dásevos ben", lograba arrancarlle o primeiro sorriso de toda a xornada…

Tiña ganas de chorar, mais nestes meses esgotara todas as lágrimas. Deixou o seu almorzo sobre a mesa e dirixiuse á xanela pensando que quizais as vistas do ambiente nocturno farían desaparecer os seus pensamentos. Rapaciñas de vestidos e tacóns, mozos e mozas de troula, namorados pola beira da praia, vehículos mal estacionados, semáforos en vermello, o romper das ondas contra a praia. . . Sen dúbida, Coruña era un sitio precioso pola noite. Lamentouse da súa época de mocidade na que a estas horas estaría percorrendo as rúas de Coruña en busca de troula, troula e máis troula. Daquela era feliz. Inconscientemente foi avanzando no seu baúl dos recordos ata dar con aquela data. 13 de setembro. Suspirou e de novo fixo un esforzo por non chorar. Cada recordo daquela noite ía abrindo nela unha ferida que moitas veces tentara pechar. 13 de setembro. Cantas e cantas veces pensara nesa data? Xa non levaba a conta. Foi esa a noite na que coñeceu a Mateo. A súa boa memoria fixera que co paso do tempo o recordo permanecerá intacto. Lembraba os seus penetrantes ollos verdes, o seu pelo castaño e mesmo se se paraba a pensalo acordaba a roupa que levaba.

Rosalía esbozou un amargo sorriso. Mirou o reloxo; as catro e cuarto. Foi entón cando se deu conta da lentitude do tempo cando unha está soa. Sentou no canapé e ficou ollando o chan un bo cacho. Logo levantouse moi amodiño e ao borde do pranto colleu o álbum de fotografías. Pasou rápido as fotos da súa infancia ata atopar as primeiras fotos con Mateo. Detívose e inspeccionou minuciosamente cada unha; quería recordar á perfección as faccións del. Gustaríalle telo ao seu lado para que a axudase a seguir adiante pero sabía que era imposible. Fórase. O destino truncarase e a felicidade marchou tan de socato como chegou.

Nunca esquecera o día no que "todo aconteceu". Estaba limpando cando el

chegou do traballo. Notábaselle na cara que algo lle pasaba, que algo malo lle acontecía. Cando ela se achegou a preguntarlle a que se debía o seu pesadume, el díxolle que sabía perfectamente as súas infidelidades e que non aturaba máis. Rosalía explicou que todo era mentira, que sería cousa das malas linguas que sempre lle tiveran un pouco de envexa. Mateo alzaba máis e máis a voz, as veas do seu pescozo semellaban por momentos que ían estoupar. Foi entón, cando Rosalía non aturou máis, dirixiuse ás escaleiras, quería fuxir canto antes, esquecer a discusión e volver máis tarde cando os ánimos estivesen máis calmados. Mateo non soportou que marchase, foi tras ela, no relanzo agarrouna forte coa intención de facela volver. Rosalía gritou e empurrouno, coa mala fortuna de que caeu escaleiras abaixo. O impacto contra o chan deixouno seco. Morreu ao instante. Os choros de Rosalía non tardaron en alertar aos veciños de que algo acontecía. Foi unha veciña a que chamou á ambulancia e á policía. Cando chegou a ambulancia non puido facer outra cousa que confirmar a morte. As sirenas da policía non tardaron en oírse. Os acontecementos sucedéronse moi rápido. Rosalía foi esposada e levada á comisaría. Tras os duros e custosos interrogatorios foi acusada de homicidio involuntario, pasou a noite en comisaría.

Á mañá seguinte quedou en liberdade pendente de xuízo. Tivo que volver á vivenda que compartía con Mateo. O sentimento de culpabilidade estaba en cada lugar no que pousaba a mirada. Os ollos do defunto perseguíana dende cada fotografía do salón. Nada naquela casa parecía ter vida. Nin sequera a Perdi. A cadela permanecía deitada aos pés da cama. Inmóbil e cos ollos chorosos. Toda a casa parecía morta ante a ausencia de Mateo.

Ilustración: Amparo Fernández Fernández

Pasaron os días de soidade e angustia e chegou o día do xuízo. Unhas longas horas no xulgado e o veredicto: cinco anos de condena

no cárcere de “A Lama”. Rosalía estaba ausente. Asumía a súa condena sen mostrar ningún estado de ánimo na súa faciana.

Os anos no cárcere foran duros, pero neles aprendera moitas cousas, mesmo, por momentos lograra deixar de lado o recordo do cadáver de Mateo contra o chan das escaleiras. Agora unha vez rematada a condena, e na súa primeira semana de liberdade Rosalía volverá ao domicilio que compartiu con Mateo. Intentou enfrontarse aos seus peores pesadelos pero noite tras noite espertaba e a conciencia non paraba de darlle voltas. A soidade, a morriña e o sentimento de culpa mesturábanse no seu interior facendo que a súa sensación de malestar aumentase por momentos. As malas linguas tamén xogaban un papel clave en toda esta historia, moitos tachábana de infiel, mala muller e mesmo asasina…

As bágoas corrían de novo polas meixelas de Rosalía. Sen pensalo desviou a vista do chan para pousala de novo sobre a primeira foto do álbum, dende ela Mateo sorríalle. Continuou mirando uns segundos máis a foto, non tardou en desviar a mirada de novo. Os ollos do defunto mirábana sen descanso recordándolle que de non ser por ela el, quizais estaría agora ao seu carón e como outra noite de domingo darían longos paseos ata acabar cansos sentados nas escaleiras da igrexa, atraendo as miradas das curiosas veciñas que asexaban aos mozos dende as fiestras das súas casas. Recordándolle que de non ser por ela el quizais estaría agora abrazándoa, murmurándolle cousas fermosas ao oído e ela tremendo ao sentir a súa respiración no pescozo. Os pensamentos non paraban de amorearse na súa mente. A Perdi permanecía muda, cos mesmos ollos tristes de facía anos, observando todo. Rosalía levantouse e dirixiuse ata a Perdi, aloumiñouna, díxolle o moito que a quería e deulle un bico na cabeza. Rosalía abriu o balcón, a escuma branca das ondas deixaba unha estampa realmente fermosa na praia de Riazor, despediuse desas vistas, daquela casa, da cidade que a vira nacer e crecer. . . O seu pé descalzo tremeu ao entrar en contacto coa friaxe do barrote. Non o pensou dúas veces. Lanzouse ao baleiro. Só tivo tempo para sorrir, sorrir e pensar un só nome.

O reloxo daba as sete cando Cristina como todas as mañás se dirixía ao seu traballo. Levaba o paso apurado e ía somerxida. Unha chamada telefónica fíxoa volver ao mundo real. Parou en fronte do edificio “Miramar 2” e comezou a remexer no seu macuto na procura do móbil. De socato as raiolas de sol cesaron de golpe. Notou unha sombra que se cernía sobre ela. Só tivo tempo de alzar a cabeza. O corpo inerte dunha rapaza loura e de ollos verdes derrubouse sobre ela. O golpe foi mortal.

Ela

David Fajardo Barral (1º Bach. C)

Ela é a chica perfecta,
é moi guapa, intelixente,
non é coma as demais.

Ela é a miña sombra,
é o lume que acende
o meu corpo e máis nada.

Ela é o meu camiño
que eu penso camiñar.
Ela está na miña mente
e non penso dubidar.

Sen ela xa non son nada,
fáltame o máis importante;
corazón que xa non late,
alma que se deixa á parte.

Ela é o meu futuro
no que me queda de vida,
é o facho que ilumina
a penumbra máis escura.

Estarei esquecéndote?

Vanessa Alonso Rey (1º Bach. B)

Os teus ollos,
dous luceiros que me guían;
os meus,
dous candís que se acenden ao verte a ti.

Se che digo algo,
e non contestas,
non o tomarei a mal
porque sei que fuches de festa.

En verdade, a troula,
é a que hai no meu corazón
cando me dis as cousas
cun pouquiño de amor.

Se te tivese aquí,
estaríate bicando;
pero non podería porque cos anxos
terías que estar cantando.

Cando estou contigo
o meu corazón
fai que o sentimento que ten dentro
sexa moito máis forte.

Como ensinarte a quererme,
mentres ti es feliz?
Como poder esquecerte,
mentres ti queres a outra?

Dende que che coñecín

Mara Places Pérez (2º ESO B)

Dende que che coñecín
souben que che amaría a ti,
e dende aquela non podo vivir
sen estar preto de ti.

Cada minuto que pasa
póñome a pensar en ti,
e se non estás preto de min
empezo a sufrir.

Aínda que todo sexa amargura
hai un raio de sol
e é que ti alegras o meu corazón.
Porque me divirtes e fasme rir unha chea
porque es un amigo entre un millón.

Pero o que non sabes é
que che quero meu amor.

Inmaculado

J.Ramón Laíño Franco (2º Bach. A)

Ao terceiro día a terra comezou a arder.
Das faias que comezaron a abrirse no chan
comezou a emanar unha espesa bruma
que mansamente o cubriu todo.

Da bruma xurdiu a súa figura
e inmensamente comezou a axitarse no meu peito
o meu corazón quebrado.

E esvaeuse…

Cando agarrei a súa man comezou esta
a desaparecer entre os meus dedos.
Unha gran bafarada de lume borrou os recordos.

Tras disiparse a néboa
cerrei os ollos e inspirei profundamente.
Silenciei as voces que loitaban
no interior da miña cabeza.

“Silencioi Volvo ao meu fogar, á miña orixe, necesito estar preparado.”

Foi entón cando as portas se abriron
e o infinito foi revelado.
Convertinme en forza, en pole,
nun monstro de enerxía.

Tiven Novas Visións,
Novas Verdades foron descubertas.
No ar floto puro, inmaculado.

Poeta perdido no deserto

J.Ramón Laíño Franco (2º Bach. A)

As negras béstas
sobresaen no escuro crespón,
as gotas do orballo estelar
espállanse polo formigón.

“El poeta” silenciou a súa resposta.

A bruma desdeñosa penetra
nos pulmóns inexpertos ao amencer.
Na tormenta voo papaventos,
busco a esencia do ser.

Sinto saudade do teu veleno.
Ás veces creo que endexamais tiveches existido.
Porén lembro
aquela absurda broma do destino.

Chove de novo.

O camino é longo, tenebroso e ambiguo.
Ao final non escollo,
nin elixo, nin opino,
só me precipito até o final. A miña única amiga, a dor.

Só preciso a certeza
dunha verdade persoal,
dun lugar na colmea,
unha pedra que esquivar.

Crucei a liña.

Vin a Deus
no fondo dunha botella
quizais non era El, quizais era Eu,
o meu único Deus, o meu corazón, o sangue nas miñas veas.

Un xardín de nicotina

J.Ramón Laíño Franco (2º Bach. A)

Alén do muro non había nada,
só almas errantes nun mundo
infinito.
Deixa que che fale das portas
que se abren ante o espírito.

No xardín brúan as feras
que roubaron a estela do
amencer onte.
Non quedan rúas inexploradas
para os reos que ao río foxen.

Todos tiñan razón
e todos se equivocaban,
non era vermella aquela mañá de
outubro,
era dourada.

Mais atinaron os que presentían
que o sangue se aproximaba,
á noite pechouse a historia
que crían de fadas.

Criei ventos
que me sacaron os ollos.
Fuxín ao monte
ao chegar o solpor.
Sementei corvos,
e recollín tempestades.
Fuxín ao mar
Á procura das Verdades.

Na inmensidade
das luces e as sombras
estaba aquel vello arteiro
que coñecía a resposta.
Dixo: “Fillo, cóidate de folgar
esperando atopar as portas,
procura abrilas ante o espírito
e esquecer as barreiras da moral.

Non queda nada máis que a vida
E o vento que zoa,
só ti e a túa vontade
construiredes a nova táboa”.

Novos valores, nova moral,
alén do ben e o mal.
Sen mentira, sen verdade,
só ti e a túa vontade
á procura das Verdades.

Uxío Novoneyra." O poeta do Courel"

David Fajardo Barral (1º Bach. C)

Introdución

Se habemos de falar de poesía galega e sobre todo se nos referimos á do século XX, sería imposible pasar por alto a Uxío Novoneyra, un poeta que se adicou profundamente á lírica do seu pobo, das súas paisaxes e, como non podería ser de outra maneira, á súa lingua. A súa obra impactou a moitos autores e moveu a moitos outros ó estudo da mesma que marca sen dúbida un antes e un despois na poesía moderna da segunda metade do século XX. A pesar do seu aparente afastamento no tempo, Novoneyra segue a sorprendernos coa súa lírica e a demostrarnos que a poesía galega das últimas décadas está máis presente ca nunca.

Vida e obra

O poeta nace na aldea de Parada de Moreda (na serra do Courel) o 19 de xaneiro de 1930. A importancia dos períodos máis mozos do autor que pasa nesta terra terán unha importancia decisiva na súa traxectoria e temática lírica. Coma el mesmo afirma, as distintas orixes dos seus avós outorgarán ó seu rexistro unha importante variedade de léxico, así coma unha importante vinculación ó Courel. A súa infancia queda fortemente truncada non só pola morte do seu irmán no comezo da Guerra Civil, senón tamén polo seu traslado a Lugo para estudar o bacharelato en 1945. É nestes anos de adolescencia cando o do Courel coñece a figuras tan importantes coma a escritora noiesa María Mariño e a Manuel María, con que establecerá unha profunda amizade e co que tamén coincidirá no servizo militar en Santiago de Compostela. Mais Novoneyra remata o bacharelato en 1948 e trasládase a Madrid para continuar cos seus estudos e e alí onde tomará contacto coa poesía diversa de orixe castelá, chinesa, hebrea, exipcia e incluso negra (traducida directamente do Francés por Manuel Azaña). Alí tamén publica en 1951 algúns poemas na revista universitaria "Bengala", aínda que xa ten en mente algúns dos poemas que no futuro conformarán o seu poemario máis importante.

Xa de volta en Galicia iniciará amizade con figuras clave do galeguismo coma Ramón Piñeiro ou Otero Pedrayo, mais tamén se adicará ó estudo dos clásicos como Pondal ou Rosalía, incluso esperetará nel un profundo interese pola lírica galego-poruguesa. Mais trala volta a Galicia ten que facer o Servizo Militar Obrigatorio en Santiago de Compostela e Lugo, aínda que voltará ó Courel no 1953 onde remará o seu poemario Os Eidos, xa esbozada na súa estancia en Madrid.

Os Eidos

Cando Novoneyra se refire ós Eidos, refírese a "... sitios da terra que poden nomearse nun microtopónimo, que poden identificarse cun nome. Mais o autor procura fuxir do mero descriptivismo rural e paisaxístico, de feito rexeita o uso da palabra paisaxe e gusta máis do termo Terra que, segundo el, é "moito máis primario, máis elemental, máis profundo, menos prescindible". A primeira edición desta obra xorde no seo da recentemente creada editorial Galaxia no ano 1955. Poderíamos dividir o poemario en varias partes, aínda que este é concebido polo autor como un todo, un canto universal á terra galega, ó seu pasado, á súa lingua, só comparable á idea expresada por Beethoven na súa deradeira sinfonía. Atopamos tamén algúns trazos moi característicos das anteriores xeracións vangardistas, non só neste poemario, senón que tamén en toda a súa obra; así pois esta está cargada de simbolismo, dunha innovación na linguaxe pola introdución de novos vocábulos adquiridos, como xa dixemos, da riqueza cultural da súa ascendencia. Isto fai que se incorporen no seus poemas cantidade de referencias toponímicas de lugares pretos do Courel; o coñecemento que Novoneyra ten da paisaxe que o rodea é absoluto e nada pasa desapercibido. Así nos recorda no limiar: "As verbas deste libro son verdade nas terras outas e solas do Courel. Nelas para non marcar as cousas sólo as nombro ou déixoas ir dun movimento seu acostumbrado e natural".

Chove xunto e miúdo...
Como siga unhos días iste tempo
vai dar gusto
ver cubertas de mofo as penas
as verdes vellas
as ourelas dos ríos
i as presas
as estoladas dos muíños
os teitos
os castiñeiros xa sen folla
i as árbores.

(Os eidos. Libro do Courel)

En canto á temática, o autor adquire trazosa das correntes paisaxísticas do momento e convén lembrar a obra Paisaxe e cultura, editada conxuntamente

por Otero Pedrayo, F. López Cuevillas, Álvaro Cunqueiro e Salvador Lorenzana, mais estes son puramente temáticos. O autor non busca un descritivismo absoluto da natureza, senón unha concepción máis filosófica e pannaturista dela.

O autor fai especial fincapé na descrición dos tempos atmosféricos en cada un dos poemas e tamén na relación da natureza co home, o que acentúa ese espírito unitario do autor ó longo dos versos. Isto tamén se deixa ver na delicadeza coa que o autor describe a fauna vexetal e animal cun simbolismo marcado polas correntes hilozoístas que outorgan vida case humana ás formas animais; establécese novamente unha concepción unitaria entre esa natureza que se comunica e funde co espírito humano. Usa diversos recursos onomatopeicos que dan maior realismo e nos achegan ós sons da natureza, aínda que Novoneyra outorga unha grande importancia ó silencio como maneira de achegarse ó que en realidade é inexplicable e incluso incomprensible. Para isto o autor usa diversos recursos coma os puntos suspensivos ou o final aberto nos versos. Contén tamén nas súas liñas diversidade de recursos tales coma anáforas, epíforas, poliptoto, …

A diversidade combinatoria da que se vale o autor para redactar o poemario outórgalle a este un colorido e unha imaxinería espectacular, non só dende un punto meramente estilístico-paisaxístico, senón dende un punto de vista máis formal e filosófico que ás veces nos leva durante á súa lectura a un proceso de abstracción antropolóxico onde non se diferencia o natural do humano. Os Eidos terán unha segunda parte que xa se deixa ver nas súas últimas estrofas dos Eidos I, unha segunda parte claramente elexíaca, na que o autor deixa ver unha profunda dor, unha natureza escura sumada a unha profunda dor física.

Outras obras...

Outra obra destacada do autor é Elegías del Caurel y outros poemas, que é contemporáneo d' Os Eidos; é tamén autor doutra serie de poemas relacionados co Courel e moi influídos, como non podía ser doutra forma, por Os Eidos. Nestes anos aínda permanece na súa terra e participa en actos de carácter galeguista coma o “Homenaje a la Poesía Gallega” do ano 1957 en Santiago de Compostela. Neste acto pronunciará un discurso bastante controvertido no que exalta a lingua e a cultura galegas. Despois disto trasladarase a Madrid dende 1962 onde traballará na radio e na televisión e onde coñecerá tamén a moitos autores relacionados co mundo artístico galego-madrileño da época; coñece pois a Oroza, Tino Grandío e a membros do grupo Brais Pinto como Bernardino Graña ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Alí tamén publicará un poemario en versión bilingüe galego-castelá titulado “Elegías de Madrid”, que recolle parte de Elegías del Caurel e Primera verdad y tiempo con nombre.

De volta á súa terra coñecerá á que será a súa muller, coa que casará e terá tres

fillos, Uxío, Branca-Petra e Arturo, mais non son todas boas novas pois tamén nesa mesma década morre seu pai e de seguido a súa nai. Adícase neste tempo a recoller os poemas que conformarán os Eidos 2, co obxectivo de dalos a coñecer; isto acontece en 1974, a obra será editada por Galaxia e con ilustracións de Laxeiro. Poucos anos despois publicará unha serie de poemas baixo o nome de Poemas caligráficos. Nesta obra atopamos un intenso espírito de crítica, así coma referencias a antigas publicación e moi relacionado co grupo Brais Pinto . Tamén aparece xunto con este libro un álbum fotográfico do autor coa súa muller Elba Rei no Courel. Unha das partes do poemario, Vietnam Canto, reflicte claramente este espírito de crítica social que tamén se deixará ver no interese que o autor manifesta na tradución de varios poemas de Mao Zedong.

Todo isto contribuirá de maneira decisiva na carreira de Novoneyra e o consagrará xa coma un dos grande poetas da nosa lingua destacando o tratado d' O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra, publicado a comezos da década dos oitenta por Rodríguez Fer e que marcará o inicio dun grande interése académico pola obra do poeta do Courel. É importante no ámbito da crítica literaria, os comentarios que escribe Anxo Tarrío nestes mesmos anos titulado O iceberg poético de Novoneyra.

Outro dos grandes da Xeración das festas Minervais e amigo de Novoneyra, Méndez Ferrín, escribirá un libro titulado De Pondal a Novoneyra onde o escritor ourensán nos fai un percorrido por toda a historia da poesía galega dende as orixes románticas ata as últimas xeracións de poetas nados entre 1910 e 1940. É nestas datas cando Novoneyra realiza unha compilación das súas obras de temática courelá que verán a luz no primeiro número da colección Grandes Mestres da editorial Xerais (Vigo, 1985) co título Os eidos. Libro do Courel. A publicación deste número será moi importante xa que inclúe varias ilustracións, unha partitura, caligramas do mesmo autor e uns “Fragmentos de críticas, apoloxías e semblanzas”.

Despois disto exerce de presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e decide vivir en Santiago de Compostela. Tamén nestas datas comeza outra recompilación (Muller para lonxe) da súa poesía de carácter amoroso e erótico na colección “Gran Lugo de Nebra”, acompañada dun comentario crítico do escritor Rodríguez Fer, así como dunhas ilustracións de Carlos Pardo Teijero. Mais tamén realizará unha compilación das publicacións de corte político nunha edición de 1988 titulada Do Courel a Compostela, que contén ademais unha escolma de textos de diversos autores como Méndez Ferrín ou

1 As ilustracións pertencen a Carlos Maside, Tino Grandío, Laxeiro, Pedro Martínez Tavera, Blas Lourés e René Portocarrero

2 A partitura que o volume presente é unha composición chamada Pasan pasan as nebras feita por Manuel Balboa para canto e piano.

Luís Seoane e novamente acompañado de ilustracións de diversos autores; incluso aparecen na publicación dous números da revista Si la píldora bien supiera no la doraran por defuera, que fan referencia ó poeta e a algúns dos seus poemas. Tamén se fará unha antoloxía nova da súa poesía do ciclo courelá para a súa tradución ó éuscaro co obxectivo de publicar unha versión bilingüe d' Os eidos I e II, pero esta será vítima dunha depuración previa, xa que serán quitadas todas as referencias á política, toda a temática erótica e incluso as dedicatorias previas das edicións galegas; esta versión publicarase baixo o título Bazterrak / Os eidos I e II no ano 1990 e será feita e prologada por Koldo Izagirre.

Nesta década o autor publica unha serie de obras de literatura infantil entre as que destaca as publicadas pola editorial Edelvives; algunhas destas son O cubil de xabarín, Gorgorín e Cabezón ou Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín, todas elas ambientadas na habitual paisaxística courelá e protagonizadas por rapaces.

Oh pulo inxel,
forza sin senso!

Pulo inxel,
sólo da noite!

(Tempo de elexía)

Edita novamente unha recompilación de poemas curtos procedentes de varios dos seus títulos co nome de Tempo de elexía na colección Merlín e Familia no ano 1991; este título xunto cos de literatura infantil serán xa dos derradeiros do autor. A súa derradeira publicación poética será publicada na editorial Espiral Maior en 1994 baixo o título Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras, que ademais do seu contido lírico posúe diversas fotografías, gravados e pinturas, así coma caligrafías do mesmo autor. Xa coa colaboración e intervención doutras persoas publicarase Camelio xaponés, con temática compostelá e que terá sete versos xaponeses de Ayako Sugitani en versión bilingüe e tres poemas de Novoneyra tamén en combinación galego-nipona.

Un ceo aneboado entre azul que trasluce.
Toda frustración súmase a ese ceo
e parece que non hai máis que eso

cando inda onte
un paxaro cantaba tan seguro cantaba un paxaro.

(Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras)

Despois dunha longa traxectoria e dun grande legado literario, Uxío Novoneyra morre o 30 de outubro de 1999 en Santiago de Compostela. Coma xa se explicaba na introdución, a pegada de Novoneyra na nosa literatura e sobre

todo no ámbito da lírica, é moi forte e perdurable razón pola cal a elección deste autor para conmemorar o Día das Letras Galegas do 2010 non é gratuíta, senón que ten moito peso na calidade deste grande autor.

Bibliografía

·Uxío Novoneyra; Carmen Blanco (Edicións "A Nosa Terra")
·Uxío Novoneyra, lingua loaira; Olga Novo (Fundación Caixa Galicia)
·Uxío Novoneyra revisitado; Xosé Lois García (Estudos literarios, Xerais)
·Folerpas de Novoneyra; Fran Alonso (Merlín, Xerail)
·Novoneyra/Celso Emilio; Manuel Castelao (Edicións Laiovento)
·A distancia do lobo; Antón Lopo (Editorial Galaxia)
·Os eidos; Uxío Novoneyra (Biblioteca das Letras Galegas, Xerais)
·Tempo de elexía; Uxío Novoneyra (Merlín e Familia)
·Os eidos. Libro do Courel; Uxío Novoneyra (Grandes Mestres, Xerais)



UXIO NOVONEYRA (O Poeta do Courel)

UXIO NOVONEYRA (O Poeta do Courel)



1º PREMIO BACHARELATO

poesía

Borja Triñanes Dieste (2º Bach. A)

O SACHO E O ASFALTO

Un ruído no ar fitou
cara a todo.
Crash, e golpe tras golpe,
crash.
E eu rebentaba.
Unha vella sachaba asfalto
na voráxine central.
E eu erguínme e marchei.

Xa ían anos de labranza,
e ata a melodía do mar desaparecera.
Marchei. Si, marchei daquel centro
inmiscible continuo.
Marchei, e levei ás costas unha carga moi pesada.
Marchei, coma tantos outros fixeran.
As luces na cidade pluvial
foron mouras coma a noite e só
os corazóns do negro cumio frigorífico
apoiaron aquilo.
E gota a gota, a choiva desfixo ese soño,
ese hórreo de sabedoría,
esa voz tan nosa,
tan pura, que agora levo as costas.

Así eu inquedo nun mar de area
de vara de aceiro e sufocación xélida
cargo coa MORRIÑA que xa non existe na terra.

Esa vella labraba só recordos,
e os recordos non dan froito.

Así, funme daquilo tan inmóbil, tan impenetrable,
buscando un apoio que me axude
con esta carga tan pesada.

Porque os camiños son arduos. E eu esto usó.

SE ME FIRO

Os voos flamexantes intervalentes
dun aire de bafo porcino
foron o aroma das flores máis elevadas
do altar do universo.
A luz enfrontouse a uns monstros de espiño e toxo.
A luz.
Furiosa, furiosamente,
e fun así finisecular decadente.
Furibundo.
O son cravado dentro da cabeza,
e esta
interceptou
novos
usos
transitados por
incompetentes
loucuras.
Todo foi roto, todo foi manteiga
que escorrega por entre os dedos.
Graxa e caspa.
Correntes inducidas nos nós cerebrais.
As cidades tóxicas foron o cemiterio do raciocinio crónico.
Autonihilista. Decadente.
Que foron esas nebulosas?. Ese ar?.
Ese fume narcótico de peiote?
E eu aquí esperando a chamada
sentín o peso da simpleza.
Amigo, bótame esa incredulidade
e dáme unha man para erguerme.
Hoxe é un día pésimo.
E o futuro… que?.
Non escorregues coa graxa. O ceo será de pedra mañá.

OS ISRAELITAS

Ola ceo.
Meu ceo.
Hoxe estou pletórico, incrible.
Voei ata dentro de hai dez anos
e vin os confíns do tempo na miña man.
Meu ceo, o tempo dilatouse.
No delirio soñei un soño do soño,
e nesa vertixe, nese círculo
de incertidume, un faraón esnaquizou aos israelitas.
Os israelitas, que morreron cegos de espírito.
O pobo elixido, sen erguerse co peito ao fronte.
Meu ceo, o silencio foi cobizado.
O son da batalla era noxento, desquiciante.
E moitos crebafolgas, eses da podremia inculta
tornaron do exército imperial.
Remataron a todos os israelitas, todos,
nese holocausto, nesa loita cabrona.
E zafaron moi poucos.
Eses eses que son agora nihilistas, loitadores.
Meu ceo, ceo!.
Estou pletórico porque só
destruíndo se crea da podremia.
Só así. Prepara os libros,
prepara esas minuciosas e delicadas citas de Daniel,
de Celso, de Xosé Luís.
Víveme coma nunca, fagámolo.
O amor nesta loita de claroscuros será o maior tesouro.
Espértame coa Alba.

poesía

1º PREMIO ESO

Raquel Mosquera Chouza (2º ESO B)

A UN AMIGO

Non quero perder ó meu mellor amigo,
non quero perder o que máis me importa.
Non quero perderte a ti, amigo,
que quero estar sempre contigo.

Non me deixes compañeiro,
non me deixes.
Ti es o meu irmán e o meu consolo.

Contigo conto sempre,
nos bos e nos malos momentos.
A ti cóntoche os meus segredos
máis sinceros.

A ti dígoche a quen amei,
A ti cóntoche a quen amarei.
Non te marches amigo
porque non te esquecerei
e a túa marcha chorarei.



UN AMOR IMPOSIBLE

No meu corazón
hai un lago de odio.
No meu peito
hai unha nube de dor.
En toda a miña alma
hai un sentimento de culpa.

Todo isto
é por un amor
que non sabe nada
e é mellor que nunca o saiba.

Gustaríame dicirllo todo,
gritarllo ao mundo enteiro,
todo o que sinto
no meu interior pero non podo.

Non podo, non podo facelo.
Non direi xamais o que sinto.
Non direi xamais o seu nome,
esquecereime del
aínda que para iso teña
que arrancarme o corazón do peito.



narrativa

1º PREMIO

J.Ramón Laíño Franco (2º Bach. A)

Tiña dezaseis anos, unha idade de cambios, unha idade de potencia e acción. Algúns dirán que é unha idade moi mala e difícil baseándose en tópicos, mais é moi fácil falar, porque de todas as persoas que falan, ningunha ten esa idade. Non se pode falar do que é ter dezaseis anos nunha determinada época agás que os teñas. O lugar, o tempo e todas as condicións que están ao redor do rapaz poden ser determinantes na súa vida. Eu podía facer todo aquilo que me gustaba, e non tiña ningunha das obrigas que ten uns anos despois. Esas obrigas somos nós quen as poñemos. Pero cando es novo non te preocupas de toda esa sarta de estupideces ás que lles outorgamos importancia despois. Gustábame beber cervexa, fumar cigarros, escribir, andar de esmorga e coarme ás apalpadelas na cama dalgunha rapaza. Eran tempos sinxelos.

II

Un día cando eu e os meus compañeiros andabamos de esmorga apareceu ela. Era ela, a súa imaxe deixoume petrificado. Era fermosa, tan fermosa que se a mirabas fixamente sentíaste cegado, abraiado coma se ollases directamente cara ao sol. Tiña que ser miña. Achegueime pouco a pouco, e cando estiven ao seu carón, sorriu. Era incrible, aqueles ollos resplandecían con tanta forza que era imposible ver algo máis ao redor. Só estabamos ela, eu e máis nada.
-Es ti.
-Eu? Quen? Que?
-Es ti a única.
Aproximei os meus beizos aos seus, e coido que ela fixo o mesmo. Bicámonos apaixonadamente.
-Como te chamas? Eu chámome Charles...
-Alice.
-Charles e Alice.
Saímos do local. Se mal non me lembro algún dos meus compañeiros chamou por min, pero non fixen caso a ninguén, só estaba Alice.

III

Ela colleu o meu vello caderno, e de todos os poemas que nel había escolleu un, e leuno en alto.

Nademos cara ao sol
baixo o incesante lume,
abracemos a dor,
perdámonos nas luces.

Contemplemos os reflexos
que o vento precipita,
perdidos no esquecemento
desgarraremos a noite infinita.
É o noso momento,
é hora de intentalo,
os titáns voltan puros
dun ceo afastado.
Deixa pois amor, que a vida che penetre,
que o recendo a xuventude expanda a túa mente.
Abre os ollos, chegaron de novo.
De flores silvestres faremos o viño
que nos converterá en cor.
Sen corpo, metafísicos,
as follas secas dun castiñeiro corrompido.

-Follas secas...
-Si.
-É fermoso, para quen o escribiches?
-Escribino para ti, ti es a única.

Cando as luces se apagan e as estrelas tornan vermellas, é o momento de facelo. Os seus beizos e a súa lingua xogaban docemente co meu sexo mentres eu suspiraba e sentía calafríos. O tacto da súa pel abrasábame. o seu sorriso



pícaro atinxía ao seu rostro un aspecto semellante ao da Lolita de Nabokov. Os seus peitos testemuños comezaron a acariñar o meu ventre mentres ela subía. A súa lingua trazou unha liña de unión entre o meu embigo e o meu pescozo, ao que cando chegou comezou a bicar agarimosamente, e logo a morder. Mentres as súas mans corrían polo meu torso, e con coidado agarraron da ave eterna da escuridade, que se introduciu entre as súas pernas naquel lugar no que podería quedarme para sempre. Deslizábase cara ao interior, e logo simulaba fuxir. As súa cadeiras danzaban ao compás dos nosos corazóns mentres ela deixaba caer fermosas verbas intercaladas con xemidos constantes, fortes e poderosos. Pensei que o teito nos caería encima. Os corpos fundíronse en un e sentín o tento, sentinme libre. Non dixen nada, ela tampouco. As nosas miradas dicíano todo. Entón os seus beizos musitaron unhas palabras:

-Estívenche buscando.
-E eu a ti.
-Non esquezas nunca este momento, pois é único.

Cerramos os ollos. No seu seo caín nun profundo sono. Mentres durmía algo me estremecía. E entón espertei.

IV

Ao abrir os ollos só na escuridade sentín que se me encollía o corazón. Acendín a luz e collín aire. Sentado aos pés da cama estiven pensando en todo o que acontecera. Levanteime, vestinme e leei un cigarro. Foi entón, cando entre calada e calada albisquei unha pequena nota pegada na porta. Poñía:

"Nunca esquecerei o que pasou onte. Sempre permanecerás na miña memoria. Baixo a planta que hai na entrada atoparás a chave. Cerra ao saír."

Cerra ao saír... Incrible.

Fuxiu, quen sabe a onde. Tempo despois descubrín a súa historia. Era orfa. O director do orfanato onde ela se criara abusara dela, e o seu mozo actual non era mellor. A vida fartárase de mallar nela. Quizais por iso tivo que marchar. Nunca máis volvín saber dela. Pasou o tempo, e chegado o día decidín emular o seu exemplo, e marchei. Abandonei Montpellier e instaleime en París. A día de hoxe aínda non teño nin idea do que buscaba en París, supoño que inundarme do espírito da antiga cidade. Tiña lido moitas aventuras dos antigos poetas decadentes, e pode que só buscara iso, un pouco de aventura, de vida. Baudelaire, Rimbaud, Jim Morrison, Modigliani... En París respirábase a historia por todos os recunchos. Era abraiante.

V

Coñecín a Pierre, un editor que me axudou a saír das rúas. Tiña subsistido varios anos a base de roubos, argalladas e demais traballiños. Algúns chamaranme vividor, outros dirán que son un delincuente, pero a verdade é que me trae sen

coidado o que a xente poida pensar. Eu vivo a miña vida alén da alienación burguesa do resto da sociedade. Os valores morais tradicionais comigo non serven. Estou por riba diso. Precisaba crear os meus propios mitos. Pierre era un home sensacional. Tiña contactos en tódalas esferas artísticas parisinas. Axudoume a vender os meus primeiros lenzos esborranchados de ira, e sobre todo, a publicar os meus primeiros escritos. Era unha persoa sensacional, e mellor amante. Cando se erguía pola mañá era a viva imaxe de Adonis, e as nosas vidas eran realmente dionisíacas. A súa pel dourada contrastaba cos seus ollos verdes. Tiña faccións hispánicas e os cabelos negros como o acibeche, lisos e longos. A súa faciana era tan suave coma a dun cativo imberbe. Podía pasarme horas contemplándoo. Encantábame ollar os seus músculos húmidos cando facía exercicio. Era algo sensacional. Xuntos vivimos, vivimos vidas ao límite. Asente, haxix, alcol, sexo e esmorga encol do lume, do lume da paixón. Un día Pierre saía para o teatro e esqueceu a carteira, baixei correndo á rúa, abrín a porta e chamei por el:

-Pierre! esqueciches a carteira!
-Eh, Charles?
-Pierre!

O coche cruzou a rúa sen diminuír a velocidade, xusto ao mesmo tempo que Pierre tornaba a mirada inmóbil. Se calquera elemento insignificante daquel día tivese sido distinto, se Pierre non esquecera a carteira, se eu me decatara antes, se o espertador soara á hora, se non lle caeran as chaves ao chan, ou se un segundo antes o condutor vise a Pierre no paso peonil, hoxe el estaría vivo. O que pode cambiar unha vida nun segundo...

VI

O foxo era inmenso, descomunal. Caín nunha espiral de autocompracencia que desencadeou na autodestrución. Todo o que era mudou. Para min carecía todo de sentido. Camiñaba meditabundo polas rúas a altas horas, bebía até perder o coñecemento ás nove da mañá. A xente mirábame e non vía a un artista, senón a un vagabundo farrapeiro do que se apartaban como da peste. O éxito da última novela que publiquei con Pierre en vida non fixo senón empeorar as cousas. Agora tiña os cartos suficientes para irme da vida con estilo, o problema é que sempre fun malo coas matemáticas e a bioloxía, e calculei mal a cantidade que precisaba para unha sobredose mortal. Só acabei no hospital, coas cámaras desa prensa voraz á porta. Ingresei nun centro de desintoxicación, e pouco a pouco fun meditando acerca do meu futuro. Estiven a piques de volverme tolo. Completamente desgonzado abandonei o centro e voltei ao meu fogar, Montpellier. Precisaba fuxir daquel mundo de fama e dor. Precisaba a tranquilidade da vila materna. Paz, iso era o que agora buscaba, paz.

VII

Oh, Montpellier, como puiden estar lonxe de ti? Alí ninguén me xulgaba, ninguén buscaba como arremeter contra min, alí todo eran sorrisos. A xente da miña antiga vila acolleume de brazos abertos. Tratáronme coma se fose o fillo pródigo. En certo modo, eu regresara de entre os mortos, e agora volvía a estar vivo. O meu sorriso xa non era ledo, ben é certo, pero polo menos xa non desperdiciaba bágoas nin me encerraba na dor propia. Alí vivía tranquilo. Os xornais enchéronse de titulares acerca da miña deserción do mundo artístico. Os círculos literarios tiveron tema de conversación durante semanas. Ninguén se explicaba como puiden abandonar no cumio da miña carreira. Pero ese era principalmente o motivo. Sen Pierre eu non tiña vida, e sen vida sería inviable superar o que xa tiña feito. Prefería quedar como o excéntrico que fuxiu de si mesmo e da súa arte antes que dar mágoa arrastrándome polas librerías con obras mediocres e insulsas. Era mellor así. Coa fortuna que tiña amasada podía manterme sen traballar o resto da miña vida, sempre que non tirara cos cartos tentando levar unha vida de divo. A miña antiga casa parecía levar séculos deshabitada. O meu pai marchara emigrado cando eu era cativo e nada

volvemos saber del, e a miña nai morrera había un par de anos. O cancro levouna á tumba, e eu nin sequera estiven presente no enterro. Como puiden estar tan cego. Alguén que loitou con tódalas súas forzas por coidarme e que puidese aspirar a levar unha vida decente merecíase que alguén a acompañara no seu leito de morte. Porén, morreu soa coma un can abandonado debido a que o seu fillo non era máis ca un egocéntrico cabrón. Ao día seguinte fun ao cemiterio, e alí albisquei unha lápida que semellaba distinta ao resto. Na inscrición poñía:

"Tranquilo fillo, non foi culpa túa"

Nunca merecín a nai que me tocou. Se se dicía que Xesucristo era amor, a miña nai era o dobre. Mágoa que lle tocara un fillo tan estúpido. Voltei á casa, bebín un par de copas de ron e saín a festexar o cabrón que son. Nun pequeno bar atopei un bo recuncho no que afogar as penas. Unha moza que estaba sentada na barra sorría ollando cara a min, e eu non puiden evitar devolverlle o sorriso. Era tan xovial e fermosa que ninguén lle podería facer un feo. Sentou ao meu carón e

falou cunha voz doce, contida:

-Vostede é ese famoso escritor do que falan, verdade?
-Era, e tamén pintor, pero todo iso quedou atrás.- Baixei a mirada e bebín un bo trago da miña copa.
-Noto moita tristeza nos seus ollos...
-É que a vida golpea demasiado forte.
-Creo que eu sei como facer que esqueza durante un bo anaco toda esa dor, se me deixas claro... Podo atuarche, verdade?
-Claro, sempre me sentín demasiado vello se me trataban de vostede, é demasiado formal para alguén coma min.
-Que che parece se saímos de aquí e me levas á túa casa?
-Non es demasiado nova para iso, rapaciña?
-Teño dezaoito...
-Tes razón, preciso desfacerme desta carga solemne que levo ás costas. Xa cansei de vivir unha elexía constante.

VIII

Ao entrar na casa a rapaza botouse derriba miña e comezou a bicarme con paixón. Tiña algo raro que non me encaixaba nela, pero preferín seguir. Dende a morte de Pierre sentíame demasiado só. Entramos na miña habitación, e botoume enriba da cama. Comezou a espirse, e eu fixen o mesmo, quedei nu tendido na cama, agardando a que ela se achegase. Danzaba ao son dunha musiquiña que cantaruxaba e sensualmente movía o seu corpo, lucindo orgullosa unha silueta perfecta. A tenue iluminación deslizábase polas súas curvas acendendo o lume dos meus ollos. Ela sorría. Sorría e mirábame con aquela mirada que poñen os depredadores cando se van apoderar da súa presa. E entón abalanzouse sobre min, enchendo o meu corpo de rabuñadas coma se se tratase dunha fera. Mordía os meus beizos e arfaba con forza. Xogaba comigo, e eu deixaba facer. Cos bordes dos seus beizos rozaba a punta do meu sexo, xogando coa lingua e coas mans, e eu evadinme, pensando en Pierre ao primeiro, despois nos meus libros, nos cadros, en París, e finalmente volvín a poñer os pés na terra. O seu traseiro suave e doce era coma un caramelo dos deuses. Os seus ollos sacudíanme coa paixón e a furia dun tifón, e sobre a súa pel vinte luces sinuosas indicaban o camiño cara á gloria. Fixémolo, varias veces, unha tras outra, ela mesmo gozaba de probar os métodos que utilizara con Pierre. A súa entreperna era o reflexo da xuventude que outrora eu tiven, a súa fina pel era o manto baixo o cal se agochaban os instintos primarios e os desexos máis profundos de calquera ser humano. Os seus ollos verdes amazónicos eran a guinda salvaxe do pastel máis doce que endexamais catara. Deslizarse entre as súas pernas era como penetrar no ceo e no inferno ao mesmo tempo, unha e outra vez, unha e outra vez. Ela seguía sorrindo, e de cando en cando falábame ao oído, excitada, transmitíndome os seus sentimentos animais, e logo botabamos a rir, unhas gargalladas que polas miradas semellaban demoníacas. Cando estivemos o suficientemente cansos,

deitámonos e durmimos. Ao espertar volvemos ás andadas até a hora de comer. Tras xantar con ansia e matar a fame que nos provocara a noite, ela marchou. Á noite volveu, e o ciclo repetiuse. Venres e sábado, e domingo descanso. Cinco días de vagar polas nosas vidas e o venres volvíamos empezar de novo. Así pasou o tempo e fun esquecendo toda unha vida de dor.

IX

Onte erguinme pola mañá e baixei ao mercado a comprar froita e algo de roupa nova. No medio do rebumbio atopei unhas deportivas novas sensacionais, e uns vaqueiros cómodos. Merquei tamén unha nova cazadora e un par de camisas. Collín un par de quilos de froita, laranxas, mazás e pexegos, e collín tamén un queixo curado que tiña unha pinta impresionante. Cando camiñaba para saír do medio da multitude albisquei unha silueta familiar. Era Leila, a rapaza que acendía o lume das miñas candeas, e ao seu carón camiñaba unha silueta que estrañamente tamén me resultou familiar. Leila correu e botouse aos meus brazos, ante a mirada arrepiada da súa nai, que acababa de descubrir algo que a ambos nos asustaba. Naquel mesmo intre comprobei que Leila non tiña dezaoito anos, pero a escuridade dos nosos encontros non mo permitira dilucidar, tiña uns dezaseis. A muller que ía ao seu lado e que estaba aterrorizada era...

Alice.

Non, non podía ser. Leila tiña os ollos verdes e o pelo negro acibeche, e na súa cara podía observar un reflexo persoal que me estremecía. Xa pasaran uns dezasete anos dende o meu encontro con Alice, o cal veu confirmar as miñas sospeitas. Leila faláralle á súa nai dun home co que estaba a saír ultimamente, e ao comprobar que esa descrición encaixaba comigo esbozou unha amarga bágoa, e con forza agarrou a Leila polo brazo, deuse a volta e marchou a paso lixeiro, mentres que a rapaza dirixía o seu ollar cara a min resistíndose. A multitude seguiu ao seu, e eu caín de xeonllos. Tirei as bolsas da compra e corrín cara a miña casa. Entrei e respirei con forza. O pulso batíame nos oídos coma se se tratase das campás da igrexa de "Notre Damme". Collín a miña vella navalla suíza, as chaves do coche e fuxín ben lonxe. Ao anoitecer cheguei a un lago moi fermoso e afastado. Aparquei o coche e baixei. Pasei toda a noite contemplando o reflexo das estrelas no lago, abraiado polas vinte luces e polo tifón que batía con furia no meu interior. Cavilei profundamente até chegar o día.

X

Que podo facer? A verdade, creo que pouco. Todo está feito xa. Vivín unha vida ao límite, fuxindo sempre de convencións sociais e de calquera valor obsoleto dos que aínda hoxe imperan na sociedade. Eu intentei ser libre, voar ceibe coma un paxaro, pero non tiven sorte. Moitos dirán que non a busquei o suficiente, pero coido que a estas alturas iso pouca importancia pode ter. Intenso, intenso

tiña que ser o meu existir, o meu paso entre os mortais. Alguén escribirá esta historia e fará de min un mito, o que nun principio foi o meu obxectivo, pero que agora xa estaba lonxe dos meus desexos. Serei inmortal, perdurarei como exemplo no recordo. Nietzsche dixo aquilo de que as grandes cousas teñen que levar máscaras monstruosas para quedar gravadas nas mentes da humanidade, e pode que o meu caso sexa así. Cando me dispoñía a vivir unha vida tranquila e a gozar dun tempo de sosego fuxindo da dor, apareceu ela, para sacudir o meu mundo. Tres persoas cambiaron a miña vida, e por tres persoas acabarei con ela. Unha bateu na miña porta e logo marchou, a outra amoume ata a saciedade, e a rúa arrebatouma, e por último, Leila, a rapaza que me fixo tolear de paixón, que me arrincou dos brazos da soidade para levarme ao seu círculo de lume. Finalmente o destino reveloume que ela levaba o meu sangue nas súas veas. Pode parecer unha solución covarde, mais en absoluto, coido que non se me perdeu nada neste mundo polo que deba seguir nel, e hai demasiadas cousas dolorosas polas que preciso fuxir. A miña navalla e o lago darán boa conta do meu destino. Só espero que non me xulguen...

Non me xulguen...

Non me xulguen...

O corpo xaceu no seu leito acuático mentres o sangue tinguía de vermello as doces augas. No rostro de Charles podíase divisar un inocente sorriso. Parece que, polo menos, morreu en paz consigo mesmo, recobrando o equilibrio dunha vida chea de sorpresas e novas luces que nos podemos atopar no turbulento camiño.



Millenium 2. A moza que soñaba cun misto e un bidón de gasolina

Olalla Ordóñez Figueira (1º Bach. C))

- Título orixinal: Flickan som lekte med elden.
- Ano: 2009.
- Nacionalidade: Suecia.
- Director: Daniel Alfredson.
- Reparto: Noomi Rapace, Michael Nyqvist, Lena Endre, Georgi Staykov, Per Oscarsson, Sofia Ledarp, Hans Alfredson, Annika Hallin.

Sinopse da película: Lisbeth Salander é a muller máis buscada do país. Dous colaboradores de Millennium, a piques de sacar á luz un escándalo sobre o comercio sexual en Suecia, foron brutalmente asasinados e na arma homicida aparecen as marcas de Lisbeth, o que, engadido ao seu historial de comportamento vingativo, a converten oficialmente nun perigo público.Non obstante, ninguén a pode atopar. Mentres, Mikael Blomkvist, editor xefe de Millenium, non cre o que se di e sabendo que Lisbeth é feroz cando se sente ameazada, está desesperado por atopala antes de que a policía dea con ela. Blomkvist enfrontarase a perigosos criminais, e tamén sacará á luz algúns datos sobre o doloroso pasado de Lisbeth. Posta en mans de institucións psiquiátricas dende os 12 anos e declarada legalmente incapacitada aos 18, é unha moza desfeita e confundida, produto dun sistema inxusto e corrupto. Porén, Lisbeth é máis un anxo vingador que unha vítima indefensa, e arremete con xusta ira sobre os que a feriron.

Crítica: É unha película que, a min persoalmente, me gustou moito. Ten varios fallos que chaman a atención, como por exemplo, que os malos deixan ás vítimas medio mortas. Por que non os matan? É coma se no fondo desexasen que se volveran a levantar. Tampouco me gustou o detalle de que esta película vai desfacendo pouco a pouco a imaxe de Blomkvist, este limítase a poñer cara de circunstancia e esperar que todo quede resolto por man allea. Tamén hai que dicir que a película é un pouco difícil de entender se non liches os libros. Pero deixando a un lado isto, a trama é interesante, a película engancha! E é digno de resaltar o tremendo papel que fixo Noomi Rapace dándolle vida a Lisbeth Salander, un personaxe difícil de encarnar, nin que nacera para interpretar este papel! En resumo, é unha película que recomendo.

- **O mellor:** Cando Lisbeth entra en escena.
- **O peor:** Hai personaxes e escenas fóra de contexto.
- **Recomendada para:** Os fans de Lisbeth Salander.
- **Non recomendada para:** Os fans dos libros, perde bastante en película.

Unha primavera para Aldara

Vanessa Alonso Rey (1º Bach.B)

Título: Unha primavera para Aldara
Autora: Teresa Moure
Editorial: Xerais

TERESA MOURE

Teresa Moure é profesora de Lingüística na Universidade de Santiago de Compostela. É autora das seguintes novelas: A xeira das árbores (2004), Premio Lueiro Rey 2004; Herba moura (Teresa Xerais 2005), Premio Xerais de Novela 2005, Premio Irmandade do Libro á Autora do ano, 2005, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2005, Premio Benito Soto á mellor novela do ano 2005 e Premio da Crítica Española 2005; Benquerida catástrofe (Xerais 2007) e A Casa dos Lucarios (Xerais 2007). Obtivo o premio Rafael Dieste 2007 pola súa peza dramática Unha primavera para Aldara (2008, Xerais 2009), levada a escena por Teatro do Atlántico, e recoñecida co premio María Casares ao mellor texto orixinal 2009 e co Premio AELG 2009 a texto teatral. A súa novela Herba moura foi xa traducida a cinco linguas europeas.

Argumento: Este libro sucede nun mosteiro da época da Revolta Irmandiña en Galicia. Ao convento chega un cabaleiro irmandiño ferido gravemente chamado Don Nuno. A abadesa chamada Aldara vai contra das regras e accede a acoller ao cabaleiro e curalo. Esta decisión tomada pola abadesa produce dentro do convento distintas posturas entre o resto das monxas o que provocará un enfrontamento entre elas.

Opinión persoal: Para min este libro foi moi fácil de ler e moi entretido, xa que trata de varios sucesos que aconteceron no pasado de Galicia. Paréceme que ten un léxico moi sinxelo de entender e a calquera persoa que o lera podía resultarlle fácil e ademais de moi entretido.

Quen matou a Inmaculada da Silva?

Yaiza Vicente Buceta (1º Bach.B)

AUTORA:
A escritora desta novela é Marina Mayoral, coñecida por libros coma: Tristes Armas (1994), Contra morte e amor (1987) ou O reloxio da torre (1988) entre outros.
Esta é unha dos moitos escritores que publican tanto en galego coma en castelán. Neste idioma atopamos libros coma: Cándida, otra vez (1979), Al otro lado (1980) ou Sólo pienso en ti (2006) entre moitos outros.
Recibiu varios premios polas súas obras e colabora con La Voz de Galicia.
Naceu en Mondoñedo en 1942, é profesora de Literatura Española na Universidade Complutense de Madrid. Entre os seus traballos de investigación e crítica literaria cabe destacar os estudos sobre Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, así como as análises de poesía e prosa contemporánea.

ARGUMENTO DO LIBRO:
Esta novela tanscorre pouco despois de que remata a Guerra Civil cando os pensamentos e maneiras de actuar eran completamente distintas aos da actualidade.
Nela cóntase a historia dunha rapaza orfa, xa que nunca coñecera a seu pai e súa nai morrera ao nacer ela. Etel, que así lle chama todo o mundo, decide que de maior vai ser escritora e vai tentar revelar os segredos da morte da súa devanceira axudada pola súa curmá e Juancho, un rapaz especial na súa vida, para logo escribir e publicala. Os tres xuntos pescudaran que foi o que anconteceu a noite en que morreron Inmaculada de Silva e Antón do Cañote.

OPINIÓN PERSOAL:
Eu penso que este é un libro sinxelo de ler, cun vocabulario moi doado. A historia engancha e o único que desexas é saber que foi o que realmente aconteceu, aínda que cando o rematas levaste unha gran sorpresa! É un libro que recomendo ler xa que te traslada a momentos vividos pouco despois da Guerra Civil, ademas aparece moi ben explicado o contexto histórico.

A paixón de Alexandra

Vanessa Alonso Rey (1º Bach.B)

Título: A paixón de Alexandra
Autor: Xulio Ricardo Trigo
Editorial: Xerais

Xulio Ricardo Trigo

Xulio Ricardo Trigo (Betanzos, A Coruña, 1959). Escritor, tradutor y artista plástico. Vive en Cataluña dende 1965. Escribiu varias novelas xuvenís e outras para adultos. Con libros de poesía gañou numerosos premios. Dende 2005 vive en Tarragona e alí dedícase a escribir e impartir clases de literatura creativa.

Argumento

O argumento deste libro é a historia de amor aos libros e á literatura, de amizade e de aventura ambientada en Barcelona. Estes temas mestúranse na novela co da integración dos inmigrantes, a amizade, a música ou o alcoholismo. Este libro tamén podemos resaltar que é unha historia que nos fala dos misterios que cada persoa leva dentro e de cómo compartir as nosas aventuras e paixóns máis secretas con outras persoas.

Opinión persoal

Eu opino que este libro nos pode axudar a comprender cousas que suceden na vida, como por exemplo deixar atrás os temores a que unha persoa non poida comprenderte. Este libro persoalmente axudoume a comprender distintos problemas e gustos que pode ter unha persoa, e por iso debemos respectar ás persoas que teñen gustos diferentes aos nosos.

nº8
O COMIC-O
2010
I.E.S. PRAÍA BARRAÑA
BY YASMINA O.S.

ARIPAROK 10
O COMIC-O®
2010

O Libro:

BUF!
OUTRO DIA COA TARDE OCUPADA...
SOBRE QUE TRATARÁ O LIBRO DE GALEGO?
QUE SONO!
MEU DEUS!
ONDE ESTOU?
QUE FERMOSO



LE EN GALEGO

KORIX

COUSAS DA VIDA




LOGO ESTAN AS MITICAS AGLOMERACIÓNS NA CAFETERÍA QUE UN DÍA DE ESTOS VAI CAUSAR DESGRAZAS.
CAFETERIA
PLOFF
VEÑA, EU ENTRE TEÑOS E TÍ PI DE UN DE TORTILLA
VALE
SEÑOR AGUA SEÑOR
CHICLES
QO CARAMELO
E NON FALEMOS DO BO ESTADO DOS BAÑOS
E DOS VÁTERES...
LIMPAME XCO
OS DA ESO TENOS QUE ANDAR CON COIDADO PARA SAIR. PODEMOS QUEDAR NO INTENTO.
COIDADO 5000w
LOGO, SE DECIDIMOS QUENTARNOS UN POUCO O LADO DO RADIADOS OCORRE ISTO
E POR FAVOR NON GERERÉDES A QUE NOVE...
POR QUE A MIN ...
BEN, PERO SE O INSTITUTO TE ESTRESA MOITO OU POUCO SEMPRE CHEGARÁ O ...
RIIIING!!!
PARA IR PARA A CASA
TERESA CASAIS CALO 4ºB

EN BUSCA DA TAPA DA LATA DE SARDIÑAS

(EXPERIMENTO COLECTIVO DUN "CADÁVER EXQUISITO" EN B.D.)



AVENTURA DO NINJA CEGO

(EXPERIMENTO COLECTIVO DUN "CADÁVER EXQUISITO" EN B.D.)






Fémur perdido
(EXPERIMENTO COLECTIVO DUN "CADÁVER EXQUISITO" EN B.D.)
¿ONDE ESTOU?
DEUS!
ESTOU ... PERDIDO!
MENTRES TANTO, NOUTRO LUGAR ALONXADO DA MAN DE DEUS...
NON! FÁLTAME UN FÉMUR. TENO QUE ATOPALO!
O POBRIÑO PASOU HORAS E HORAS PARA ATOPALO, PERO NADA...
..ONDE ESTARA?
E COMEZOU A PONERSE MOI TRISTE.
ATOPEI NO!
DESPOIS DUN LONGO PERCORRIDO, O CADÁVER VOLTOU PARA O
QUE A GUSTO QUEDEI


AVENTURAS DAS MOSCAS ASESINAS
(EXPERIMENTO COLECTIVO DUN "CADÁVER EXQUISITO" EN B.D.)
Teño moita fame!
tranquilas ahí está a nosa merenda
ÑOÑG
E AS MOSCAS ACABARON COMENDO O PORCO...
VAMOS A LEVAR ALGO PARA OS NENOS
DE VOLTA Á CASA PASARON POR UN INSTITUTO...
A OS TIBURÓNS
AS MOSCAS O FINAL ACABARON CON TODA A VIDA DO PLANETA. PERO MESES DESPOIS MORRERON POLO CAMBIO CLIMÁTICO...